

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN A PERSOAS DA LISTAXE DE AGARDA DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ESTUDO PARA O ESTUDANTADO DA USC DURANTE O CURSO 2024-2025

Mediante a Resolución reitoral do 11 de outubro de 2024 convocáronse as axudas ao estudo para o estudiantado da USC coa finalidade de compensar os gastos durante o curso 2024/2025 nos conceptos de aloxamento, transporte e material de estudo, sen prexuízo da posibilidade de que a persoa sexa beneficiaria tamén das axudas para manutención convocadas por Resolución reitoral do 24 de setembro de 2024.

Por Resolución do xerente do 13 de xaneiro de 2025 adxudicáronse as 225 axudas e estableceuse unha listaxe de agarda para poder dar conta das posibles renuncias.

Segundo o artigo 12 das bases reguladoras da convocatoria:

“No suposto de que as persoas beneficiarias queiran presentar a súa renuncia á axuda concedida deberán comunicalo a través do correo electrónico xerencia.axudas@usc.gal. Neste caso, a axuda será outorgada á seguinte persoa segundo figure na lista de agarda das solicitudes recibidas.”

O luns 7 de abril de 2025 recibíuse por correo electrónico unha renuncia á axuda previamente concedida.

Tendo en conta o anterior e á vista da proposta da comisión de avaliación, **RESOLVO** adxudicar a axuda á primeira persoa da listaxe de agarda, **Luis Guillermo Calderón Lermo**, con documento de identidade número ***2171**. Por seren tamén beneficiario das axudas á manutención 2024/2025, o importe da axuda é de 480 euros, que deberá xustificar antes do 31 de xullo de 2025.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, a data de sinatura

O Xerente,

Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15/04/2025 14:03:06.

CSV: 478B-389F-4A49-9432